



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 27/03/2020 prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de febreiro do 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 27/05/2020. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 30 de marzo de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0706

LUGO

*Anuncio***EXTRACTO da convocatoria das axudas do PLAN REANIMA LUGO, de impulso da actividade económica no termo municipal de Lugo, para paliar os efectos do Covid-19**

BDNS (Identif.): Código 502443 PLAN REANIMA LUGO

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), así como na páxina web do Concello de Lugo www.lugo.gal.

Primeiro. Obxecto.

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Lugo, outorgando liquidez ás empresas da cidade para, contribuíndo a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, axudar ao mantemento da actividade e así acadar a debida protección do emprego.

Segundo. Crédito orzamentario.

A contía destinada a atender ás liñas destas subvencións ascende a un importe total de 5.000.000 € do vixente orzamento municipal, con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

Liña 1.- 24100.47900 - 4.000.000€

Liña 2.- 24100.48900. - 1.000.000€

Terceiro. Beneficiarias.

Liña 1.- Medidas de axuda ao impulso económico e protección do emprego:

Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran requisitos (empresas que se viron afectadas polo peche decretado do estado de alarma, ou ben non afectadas polo peche, pero que reduciron ata un 75% a súa facturación).

Liña 2.- Medidas de axuda á conciliación da vida familiar e laboral por situacións derivadas da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19:

Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas empadroadas no Concello de Lugo, traballadores nos que concorran simultaneamente as seguintes situacións:

- a) ser traballadores por conta allea e con alta no réxime xeral da seguridade social a data 1 de marzo de 2020, ou traballadores autónomos susceptibles de ser beneficiarios da liña 1, sempre que cumpran os requisitos sinalados
- b) acreditar unha merma de ingresos que sexa consecuencia dun expediente de regulación temporal de emprego, ou por ter solicitado excedencia ou redución de xornada para a atención dos fillos menores de 12 anos ao seu cargo.
- c) ter ao seu cargo fillos menores de 12 anos afectados polo peche dos centros educativos

Cuarto. Contías.

As contías serán as seguintes:

Liña 1:

No caso daquelas empresas ou autónomos, con ou sen traballadores ao seu cargo, que se viron afectadas polo peche decretado, recibirán unha cantidade fixa de 1.200 euros.

Se non pecharon, pero reduciron ata un 75% a súa facturación, a contía fixa será de 750 euros.

En ambos os dous supostos:

- Se non tramitan un ERTE, recibirán, ademais, 600 euros por traballador se a empresa ten ata 9 empregados, e de 450 euros se ten entre 10 e 49 traballadores (inclusive). Os beneficiarios destas axudas comprométese a non solicitar o ERTE nos tres meses posteriores á súa concesión.

- Pola contra, se tramitan un ERTE, ademais das axudas fixas, recibirán 180 euros por traballador se a empresa ten ata 9 empregados, e de 120 euros se ten entre 10 e 49 traballadores (inclusive). Neste caso, só poderán percibir as contías por traballador se a empresa acredita ter acordado con eles ou coa representación sindical que o complemento salarial do ERTE será do 100% da base reguladora.

Liña 2:

As persoas solicitantes deberán terán que estar empadroadas no municipio.

A esta liña poderán optar os autónomos e os traballadores por conta allea que experimentaran unha merma nos seus ingresos a consecuencia de ser incluídos nun ERTE, ou tido necesidade de solicitar excedencia ou redución de xornada para a atención de fillos menores de 12 anos aos que lles tivera afectado o peche dos centros educativos con motivo da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19.

O Concello outorgará unha contía fixa de 100 €, que se incrementará a 150€ se foran 2 fillos a cargo ou a 175 € se foran 3 ou máis fillos a cargo.

Quinto. Prazo de presentación de instancias.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

Sexto. Réxime de minimis.

As presentes axudas quedan suxeitas ao Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 24.12.2013, L352/1). A contía total das axudas *de minimis* concedidas a unha empresa non poderá exceder os 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais.

Sétimo. Procedemento de concesión.

A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, establecéndose como criterio de valoración a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria. En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación de documentación relativa á devandita solicitude. A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas nese momento.

Oitavo. Forma de presentación.

O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal www.concellodelugo.gal. As solicitudes, que deberán dirixirse ao Servizo de Desenvolvemento Local Sostible, presentaranse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Lugo accesible a través do enlace <https://www.lugo.gal>, utilizando o formulario normalizado de solicitude dispoñible na sede, ou polo Sistema de intercambio rexistral dispoñible a través do enlace <https://rec.redsara.es/registro/>, indicando no campo "Solicita" o texto "Axudas Covid-19. Servizo de Desenvolvemento local" e xuntando o modelo normalizado.

Lugo, 8 de abril de 2020.- A Alcaldesa, Dona Lara Méndez López.

R. 0721

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data o día 02 de abril de 2020, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de marzo 2020, o que se notifica aos efectos do seu coñecemento e se indica que, de conformidade co Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, os prazos para presentación de recursos correspondentes están suspendidos. Unha vez perda vixencia dita suspensión, iniciarase o período de exposición ao público polo prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

As Nogais, 3 de abril de 2020.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0707
